

## *Externalización do control de fronteiras e consecuencias en materia de dereitos humanos*

JOSÉ ÁNGEL BRANDARIZ GARCÍA  
*Universidade da Coruña*

### **1. Introducción: o erro da metáfora da *europa fortaleza***

A reflexión que se pretende presentar neste texto parte dunha metáfora, mellor dito, do cuestionamento dunha metáfora que, a pesar de ter acadado grande éxito, merece unha certa reconsideración. Trátase da expresión *Europa Fortaleza*, empregada de xeito cotián en todo xénero de análises críticas do actual réxime de biopoder instituído no marco da UE fronte aos migrantes.

Esa expresión, alén da súa poderosa carga simbólica, é inaxeitada para representar a realidade do complexo modelo de xestión de fronteiras hoxe vixente. Fronte ás ideas de peche ou exclusión que transmite *Europa Fortaleza*, e fronte á radical dualidade interior/exterior que parece denotar, a lóxica prevalente na materia é bastante mais fluída, e pouco coherente coa retórica da solidez das fronteiras<sup>1</sup>. En realidade, esa racionalidade prioritaria é a da *xestión* de fronteiras e migracións, na que a funcionalidade que dá sentido ao modelo non é o bloqueio, senón a administración tendencialmente eficiente da mobilidade humana. Deste xeito, e alén de toda a retórica institucional, a racionalidade que sustenta o réxime de biopoder vixente é o filtrado selectivo da mobilidade, no que se es-

---

<sup>1</sup> Cfr. MEZZADRA, S.; NEILSON, B., “Border as Method, or, the Multiplication of Labor”, *Transversal*, nº 6, 2008; NOBORDER NETWORK, “Border Regimes & the autonomy of migration”, *Greenpepper Magazine*, nº 2, 2004, p. 10.

truran diversos niveis de vulnerabilidade dos migrantes<sup>2</sup>. É certo que o léxico da orde, do control e da seguridade caracteriza o plano semiótico da representación –tendencialmente espectacular– das políticas migratorias, e iso cumpre funcións evidentes: entre outras, a pretendida recuperación de identidades colectivas e da perdida solidez da soberanía<sup>3</sup>. Con todo, a materialidade flexíbel desas políticas é igualmente imprescindíbel, neste caso para respostar ás necesidades dun modelo produtivo non por acaso cualificado como de acumulación flexíbel.

Antes de pasar a desenvolver algo mais esa cuestión, paga a pena reparar na primeira das inexactitudes da expresión *Europa Fortaleza*, a que fai referencia á propia crise do concepto de fronteira.

## 2. As transformacións da fronteira

As transformacións contemporáneas da noción de fronteira, que deixa de lado nas últimas décadas a relativa estabilidade que caracterizou a súa semiótica e a súa funcionalidade durante a etapa do sistema de estados-nación modernos, poden ser descritas de varios xeitos.

<sup>2</sup> Vid. CALAVITA, K., “A ‘reserve army of delinquents’. The criminalization and economic punishment of immigrants in Spain”, *Punishment & Society*, 5/4, 2003, p. 400; *Immigrants at the Margins*, Cambridge, 2005, p. 167; HARDT, M.; NEGRI, A., *Commonwealth*, Cambridge, 2009, p. xi; MEZZADRA, S., *Derecho de fuga. Migraciones, ciudadanía y globalización*, Madrid, 2005, p. 148; MEZZADRA, S.; NEILSON, B., “Border...”, *op. cit.*; ROMERO, E., “El Plan África, la política migratoria española de “nueva generación” y la guerra contra los pobres”, *Frontera Sur. Nuevas políticas de gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008, p. 167; SAINT-SAËNS, I., «Des camps en Europe aux camps de l’Europe», *Multitudes*, 19, 2004, pp. 62-63, 66; SASSEN, S., *Guests and Aliens*, New York, 1999, pp. XVI-XVII.

<sup>3</sup> Vid., sobre iso, BALIBAR, E., *Nous, citoyens d’Europe?*, Paris, 2001, p. 316; BAUMAN, Z., *Liquid Times*, Cambridge, 2007, pp. 48-49; CALAVITA, K., “A ‘reserve...cit.», p. 402; *Immigrants... op. cit.*, págs. 162 y 166; FERNÁNDEZ BESSA, C., “El Estado español como punta de lanza del control y exclusión de la migración en Europa”, *Frontera Sur... op. cit.*, p. 158; DAL LAGO, A., *Non-persone. L’esclusione dei migranti in una società globale*, Milano, 2004, pp. 46-47; PALIDDA, S., *Mobilità umane*, Milano, 2008, pp. 2, 110; “Introduzione”, *Razzismo democratico. La persecuzione degli stranieri in Europa*, (S. Palidda, ed.) Milano, 2009, p. 7; SAYAD, A., *La double absence*, Paris, 1999, p. 412; SILVEIRA GORSKI, H., “La vida en común en sociedades multiculturales. Aportaciones para un debate”, en *Identidades comunitarias y Democracia*, (H. Silveira Gorski, ed.), Madrid, 2000, p. 15.

É posíbel que un dos mais acaídos sexa o que suxire que a fronteira pasou de ser unha liña a devir un punto<sup>4</sup>, metáfora coa que pretende sinalarse diversas mudanzas. A primeira é que a fronteira xa non opera, como outrora, en tanto que elemento de delimitación dun espazo dual exterior/interior, ou como instrumento de realización de dúas pretensións, inclusión/exclusión, cuxa utilidade para a construción dos imaxinarios das identidades colectivas resulta evidente. No presente, alén de aparencias mais superficiais, a fronteira opera marxinando esa lóxica binaria, e artellando un complexo sistema de inclusión diferencial, no espazo no que se hibridan o interior e o exterior ata perder os seus contornos distintivos. Unha teleoloxía fundamental que subxace ao proceso é o mantemento das xerarquías necesarias para o mellor aproveitamento do traballo vivo, aos efectos do modelo do capitalismo postfordista. A idea da fronteira que devén punto permite suxerir unha segunda mudanza. A fronteira supera o modelo da liña porque na actualidade asistimos ao seu proceso de desterritorialización, que se ve acompañado por unha multitude de momentos de reterritorialización, potenciais e actuais.

A risco de perder certa complexidade, esta transformación pode ser tamén descrita como proceso de desprazamento e externalización da noción de fronteira, e da súa operatividade. Esta evolución multifactorial pode ser mellor comprendida mediante a consideración da súa dupla lóxica, simbólica e funcional (instrumental). A lóxica simbólica céntrase nunha pretensión neocolonial de alongar dos nosos territorios físicos e culturais un xénero de violencia contra seres humanos, e un tipo de vulneración de dereitos fundamentais, que se entenden incompatíbeis co suposto modelo civilizatorio europeo<sup>5</sup>, aínda que só sexa porque hai apenas dúas décadas se sobredeterminaba a denuncia de políticas semellantes por parte dos países con sistema de capitalismo de estado<sup>6</sup>. Non en van, tropos fundamentais da cultura europea moderna, como os dereitos da persoa, o Estado de Dereito ou a proscripción case absoluta da violencia, resultan incompatíbeis coa cotidianeidade do funcionamento do dispositivo fronteira, e iso tanto polo que se refire a cada estado europeo en particular, como á propia UE<sup>7</sup>.

<sup>4</sup> Cfr. BONDITTI, P., «Biométrie et maîtrise des flux: vers une geotechnopolis du vivant-en-mobilité?», *Cultures & Conflicts*, 58, 2005, pp. 148, 152-153; CUTTITTA, P., *Segnali di confine*, Milano, 2007, pp. 147 ss.

<sup>5</sup> Cfr. DIETRICH, H., “El Mediterráneo como nuevo espacio de disuasión”, *Frontera Sur...op. cit.*, pp. 16, 60.

<sup>6</sup> Cfr. SASSEN, S., *Guests... op. cit.*, p. 116.

<sup>7</sup> Non cabe perder de vista que o obxectivo do denominado terceiro pilar da construción europea é nada menos que a conformación dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza.

A segunda das lóxicas enunciadas, a funcional, é moito mais –inmediatamente– instrumental, e proxéctase sobre a crecente complexidade da tarefa de control e xestión de fronteiras<sup>8</sup>. Deste xeito, a externalización serve tanto para desprazar o dispositivo fronteira aos múltiples puntos en que ten que desenvolver os seus variados cometidos de selección e control, canto para convocar a unha pluralidade de actores, públicos e privados, a unha tarefa que con anterioridade se entendía prerrogativa exclusiva do estado.

Contemplada desde esta perspectiva, a transformación que implica o desprazamento e a externalización do dispositivo fronteira pode ser descrita mediante tres niveis diferentes<sup>9</sup>:

- a) *Nivel vertical-institucional*: a fronteira desprázase verticalmente desde a súa previa ubicación no marco estatal, tanto cara a eidos institucionais superiores, convocando ao seu control á UE, canto cara a eidos inferiores, implicando na súa xestión ás administracións autonómicas e locais.
- b) *Nivel xeográfico*: a fronteira desprázase cara a outros espazos externos á soberanía do estado titular do confín. Deste xeito, prodúcese, por unha banda, a externalización da fronteira cara a territorios carentes de soberanía estatal, como as augas internacionais. Por outra banda, o proceso vai alén do anterior, e nos últimos anos conséntase a ubicación das fronteiras (europeas) no confín ou mesmo no interior dos territorios *soberanos* doutros estados, que constitúen lugares de orixe ou tránsito dos movementos migratorios. As manifestacións da operatividade dese novo dispositivo fronteira externalizado son variadas, e entre elas cóntanse as operacións policial-militares de vixilancia, que poden ser da propia UE, ou en cooperación con forzas de países externos (fundamentalmente a través da axencia *Frontex*<sup>10</sup>); a intervención directa en estados de orixe ou tránsito, a través de recursos humanos (funcionarios diplomáticos, pero tamén militares ou policiais) e loxísticos (subministro a eses países de instrumentos de control, aportación de asistencia especializada, doazón de medios fi-

<sup>8</sup> Cfr., sobre iso, CUTTITTA, P., *Segnali...*, *op. cit.*, p. 41; FERNÁNDEZ BESSA, C., “El Estado...”, *op. cit.*, p. 148.

<sup>9</sup> Vid. GIL ARAÚJO, S., “Muros alrededor de ‘el Muro’. Prácticas y discursos en torno a la inmigración en el proceso de construcción de la política migratoria comunitaria”, *Delitos y fronteras*, (M.T. Martín Palomo; M.J. Miranda López; C. Vega Solís, eds.), Madrid, 2005, p. 131; MONCLÚS MASÓ, M., *La gestión penal de la inmigración*, Buenos Aires, 2008, p. 369.

<sup>10</sup> Sobre a axencia *Frontex* e o seu funcionamento, *vid.* BAZZACO, E., “Sobre a actual política migratoria europea”, 2008; FERNÁNDEZ BESSA, C., “El Estado...”, *op. cit.*, pp. 147 e ss.; SEIFER, K., “El blindaje de la UE frente a refugiados y demandantes de asilo”, *Frontera Sur...*, *op. cit.*, pp. 112 e ss.

nanceiros para a construción de centros de internamento externos á UE<sup>11</sup>); a ubicación das fronteiras europeas nos propios territorios de orixe das migracións, mediante o establecemento de estritos controis de visados e documentación de viaxe<sup>12</sup>.

Neste nivel xeográfico do desprazamento cabería tamén facer referencia ás denominadas *fronteiras interiores*, que se cadra son a mellor expresión da mudanza dos confíns de liña a punto. En efecto, cada vez resulta mais evidente que para os migrantes a fronteira deixou de ubicarse nos límites dos estados, e se difunde de xeito ubicuo ao longo de todo o territorio, cunha permanente capacidade de facerse efectiva<sup>13</sup>. Podería mesmo suxerirse que cada migrante a leva consigo onde queira que se desprace; non en van, os controis policiais constantes, a carencia de dereitos laborais, as dificultades para o acceso á vivenda e a outras necesidades básicas, ou as manifestacións capilares de xenofobia son expresións da ubicuidade das fronteiras<sup>14</sup>.

- c) *Nivel de externalización a outros actores*: como se suxeriu, se ben a tarefa de control de fronteiras era outrora potestade exclusiva dos estados, hoxe estes convocan a unha multiplicidade de actores a contribuír no desenvolvemento dese cometido. Unha das aportacións mais relevantes é a que implica a responsabilización do sector privado; nela cabe integrar os deberes

<sup>11</sup> Vid. SOSSI, F., «Une tragédie en trois actes», *Vacarme*, 39, 2007.

<sup>12</sup> Sobre todo iso, vid. ANDRIJASEVIC, R., “How to Balance Rights and Responsibilities on Asylum at the EU’s Southern Border of Italy and Libya”, 2006, pp. 8-9, 15 e ss.; CUTTITTA, P., *Segnali...*, op. cit., p. 50 e ss., 83 e ss., 127 e ss.; DIETRICH, H., “El Mediterráneo...”, op. cit., pp. 36 e ss., 60 e ss.; FERNÁNDEZ BESSA, C., “Introducción. Los límites del control”, *Frontera Sur...*, op. cit., p. 8; “El Estado...”, op. cit., pp. 141 e ss.; PULLENS, R., “Gestión de las migraciones: exportando el modelo de la IOM en el nombre de la seguridad de la UE”, *Fadaiat. Libertad de movimiento+Libertad de conocimiento*, Málaga, 2006, pp. 96 e ss.; RIGO, E., *Europa di confine*, Roma, 2007, pp. 41 e ss., 107 e ss., 159 e ss.; SAINT-SAËNS, I., «Des camps...», op. cit., pp. 62 e ss.; VALLUY, J., “La metamorfosi dell’asilo in Europa. Dalle origini del “falso rifugiato” al suo internamento”, *Razzismo...*, op. cit., pp. 51 e ss. Un precedente relevante da xestión externalizada de fronteiras dáse no caso de Australia, que emprega Naurú e Papua Nova Guiné como territorios de administración off-shore dos seus propios fluxos migratorios (vid. CUTTITTA, P., *Segnali...*, op. cit., pp. 126 e ss.). Unha dinámica en certa medida semellante maniféstase no caso da fronteira entre EE.UU e México (BAUMAN, Z., *Liquid...*, op. cit., p. 52).

<sup>13</sup> Vid. FERNÁNDEZ BESSA, C., “Introducción...”, op. cit., p. 8; MEZZADRA, S., “Confines, migraciones y ciudadanía”, *Fadaiat...*, op. cit., pp. 90, 92; SASSEN, S., *Una sociología de la globalización*, Buenos Aires, 2007, pp. 267 e ss.

<sup>14</sup> Vid. PRETEL, O., “Las fronteras intrametropolitanas”, *Fronteras interiores y exteriores*, Madrid, 2006, pp. 53-54; vid. así mesmo ÁVILA, D./MALO, M., en *Madrid ¿La suma de todos?. Globalización, territorio, desigualdad*, Madrid, 2007, pp. 510, 541 e ss.; FERNÁNDEZ BESSA, C., “Introducción...”, op. cit., pp. 7 e ss., 10 e ss.; HARDT, M.; NEGRI, A., *Commonwealth...*, op. cit., pp. 147-148.

de control atribuídos por directivas europeas e por lexislación estatal ás compañías de transporte, que teñen que verificar intensivamente a regularidade dos traslados<sup>15</sup>, pero tamén a implicación de entidades privadas –empresas e ONGs– na xestión dalgunhas medidas especialmente conflictivas, como o internamento en centros<sup>16</sup>; non cabe tampouco perder de vista que a crecente prioridade normativa de sancionar a empresários que contratan a migrantes irregulares impón a estes suxeitos privados responsabilidades de control<sup>17</sup>. Neste plano de responsabilización doutros actores cabe integrar así mesmo a xa mencionada atribución de competencias de control da mobilidade humana a estados externos á UE, artellada non só a través da aportación de recursos humanos e materiais, senón tamén do condicionamento da *axuda ao desenvolvemento* e dos programas de cooperación no marco de políticas como o *Plan África* –no caso da fronteira sur atlántico-mediterránea– ou a *European Neighbourhood Policy* –no suposto da fronteira este da UE–<sup>18</sup>.

Sen prexuízo de todo iso, este devir punto das fronteiras, e a correlativa desterritorialización e reterritorialización dos confíns, non poderían ser axeitadamente comprendidos sen analizar a progresiva flexibilización do control biopolítico dos migrantes.

### 3. O control dxs migrantes: un sistema de control para *aliens-inimigos* ou para *neo-servos*?

Resulta frecuente atopar nos estudos relativos ao control de fronteiras a referencia ao etiquetamento dos migrantes como “*aliens*” ou “*inimigxs*”, con todos os efectos que ditas categorías producen. Expresado do xeito mais sintético, ese etiquetamento pode cumprir funcións tan relevantes como a culpabilización por todo xénero de malestares e temores sociais, e a conformación dun *exterior cons-*

<sup>15</sup> Vid., por todos, CUTTITTA, P., *Segnali... op. cit.*, pp. 67 e ss.

<sup>16</sup> Vid. CUTTITTA, P., *Segnali...*, *op. cit.*, p. 52; PALIDDA, S., *Mobilitàà...*, *op. cit.*, pp. 71, 73.

<sup>17</sup> Vid. MONCLÚS MASÓ, M., *La gestión... op. cit.*, p. 369.

<sup>18</sup> Vid. BAZZACO, E., “Sobre a actual...”, *op. cit.*; CUTTITTA, P., “Los acuerdos de ‘cooperación’ y el nuevo réjimen fronterizo euroafricano”, *Frontera Sur...*, *op. cit.*, pp. 93 e ss.; FERNÁNDEZ BESSA, C., “Introducción...”, *op. cit.*, p. 9; ROMERO, E., “El Plan...”, *op. cit.*, pp. 159 e ss.; TRIANDAFYLLOIDOU, A.; MAROUKIS, T., “The Case of the Greek Islands: The Challenge of Migration at the EU’s Southeastern Sea Borders”, *Documentos CIDOB*, 17, 2008, p. 63.

*titutivo* que permita recuperar identidades en crise e, con iso, a propia cohesión social<sup>19</sup>.

Se se proxecta este plantexamento sobre a análise da natureza dos dispositivos de control e sanción previstos para os migrantes, compróbase que frecuentemente teñen sido cualificados como expresión dun verdadeiro subsistema de control do inimigo. Con esta expresión preténdese significar que, alén da narrativa do Estado de Dereito que sustenta a progresiva consolidación das ordes sancionadoras modernas, en materia de migracións irregulares maniféstanse lóxicas de control propias da emerxencia ou da excepcionalidade<sup>20</sup>.

Este xénero de consideracións está presente en multitude de textos. Apenas como referencia, DAL LAGO ten sinalado que o estatuto xurídico-político reservado para os migrantes permite cualificalos como *non-persoas*, na medida en que son suxeitos sometidos á aplicación de lóxicas da excepción<sup>21</sup>. Non lonxe desta proposición, AGAMBEN atopa no migrante unha posíbel actualización da figura do *homo sacer*, toda vez que ve os ecos do campo de concentración no actual centro de internamento, lugar onde o poder e a núa vida se confrontan sen mediación xurídica ningunha<sup>22</sup>.

<sup>19</sup> Vid., entre outros, ANITUA, G.I., “La inmigración y los discursos de la seguridad”, *Flujos migratorios y su (des)control. Puntos de vista pluridisciplinarios*, (R. Bergalli, coord.), Barcelona, 2006, pp. 140, 145, 147; BALIBAR, E., *Nous... op. cit.*, pp. 193, 310; GOODEY, J., “Migration, crime and victimhood. Responses to sex trafficking in the EU”, *Punishment & Society*, 5/4, 2003, p. 417; MELOSSI, D., “‘In a peaceful life’. Migration and the crime of modernity in Europe/Italy”, *Punishment & Society*, 5/4, 2003, p. 382; PALIDDA, S., *Mobilità... op. cit.*, pp. 110, 118 e ss.; SILVEIRA GORSKI, H., “La vida... op. cit.”, p. 15; TSOUKALA, A., “Le traitement médiatique de la criminalité étrangère en Europe”, *Déviance et Société*, 1, 2002, p. 76.

<sup>20</sup> Vid., por todos, CANCIO MELIÁ, M., “La expulsión de ciudadanos extranjeros sin residencia legal (art. 89 CP)”, en *Homenaje al Profesor Dr. Gonzalo Rodríguez Mourullo*, Pamplona, 2005, pp. 186 e ss., 211 e ss.; PÉREZ CEPEDA, A.I., “El Código Penal de la seguridad: una involución en la Política criminal de signo reaccionario”, en *La tensión entre libertad y seguridad. Una aproximación sociojurídica*, (M.J. Bernuz Benítez; A.I. Pérez Cepeda, coords.) Logroño, 2006, pp. 232 e ss.; NAVARRO CARDOSO, F., “Expulsión ‘penal’ de extranjeros: una simbiosis de Derecho penal ‘simbólico’ y Derecho penal del ‘enemigo’”, *Revista de Derecho Penal y Criminología*, 17, 2006, pp. 161 e ss., 165, 178; PORTILLA CONTRERAS, G., *El Derecho Penal entre el cosmopolitismo universalista y el relativismo posmodernista*, Valencia, 2007, p. 149; RESTA, F., “Enemigos y criminales. Las lógicas del control”, en *Derecho penal del enemigo*, vol. 2, (M. Cancio Meliá; C. Gómez-Jara Díez, coords.) Madrid/Montevidео, 2006, pp. 768, 778 e ss.

<sup>21</sup> Cfr. DAL LAGO, A., *Non-persone... op. cit.*, pp. 205 e ss.

<sup>22</sup> Cfr. AGAMBEN, G., *Homo Sacer*, Valencia, 1998, pp. 212 e ss., 221-222. Unha proposta semellante pode atoparse en CUTTITTA, P., *Segnali... op. cit.*, p. 48.

Destaca nesta última reflexión do filósofo italiano que o seu punto de partida é un concepto unidimensionalmente excluínte e, en tal medida, apenas de carácter negativo, meramente represor. Tomando en conta estes caracteres das súas premisas de análise, cabe interrogarse se esta presentación é a máis acaída para entender a complexidade das políticas de control dos migrantes, ou se, polo contrario, pode ser mais útil un concepto de poder conflitivo, dinámico e produtivo, como o proposto por FOUCAULT.

Para dar resposta a este interrogante, procede retornar á noción de inimigo, e ás características dos sistemas de control e sanción que tal categoría sustenta. Sen necesidade dunha aproximación detida á materia, pode facilmente comprobarse que un carácter fundamental de ditos sistemas de control é que deixan por completo á marxe calquera narrativa de inclusión; a proxección do poder sobre o inimigo faise de xeito negativo, non en clave de goberno da vida, de reintegración, corrección ou rehabilitación, senón de mera exclusión.

Aparentemente, esta perspectiva resulta consoante co modelo vixente de xestión das migracións irregulares, no cal o conxunto da normativa se sustenta sobre o axioma da xeneralización da expulsión. Deste xeito, todos os compoñentes do modelo de sanción reservado para os migrantes irregulares (a expulsión, o internamento en centros, unha prisión non seguida de reinserción, senón de expulsión, etc.), parecen insertos nunha lóxica común: a da segregación ou exclusión como único obxectivo da política sancionadora dos migrantes<sup>23</sup>. Sen embargo, unha análise mais atenta da realidade deste marco regulador tería que concluír que en todo caso se trataría dunha segregación *selectiva*<sup>24</sup>, xa que na práctica en absoluto se executa a expulsión do conxunto dos migrantes que se atopan en

<sup>23</sup> Vid., neste sentido, PÉREZ CEPEDA, A.I., “El Código...”, *op. cit.*, p. 237; PORTILLA CONTRERAS, G., *El Derecho...*, *op. cit.*, pp. 104-105; RAHOLA, F., *Zone definitivamente temporanee*, Verona, 2003, pp. 16 e ss., 98, 106, 110; RESTA, F., “Enemigos...*op.*”, *cit.*, pp. 769, 778-779.

<sup>24</sup> Cfr., sobre iso, DE GIORGI, A., *Zero Tolleranza*, Roma, 2000, pp. 73-74.



situación irregular, nin sequera da maioría de quen ten sido efectivamente sancionado coa deportación<sup>25</sup>.

Existen algunhas razóns desa selectividade que non poñen plenamente en cuestión, a pesar da evidencia empírica, o axioma da xeneralización da expulsión, sobre o que se asenta a racionalidade do sistema de sanción. Trátase de razóns que, sen prexuízo de ser atendíbeis, simplemente resaltan a dificultade de acadar esa xeneralización, sen considerala indesexable. Deste xeito, ponse de relevo que os motivos da infrecuencia das expulsións son, en primeiro lugar, de carácter xurídico, derivados da tradicional insuficiencia de acordos de readmisión cos países de orixe ou tránsito<sup>26</sup>. En segundo lugar, concorren problemas de carácter fáctico, como sucede –a pesar da habitualidade das repatriacións irregulares<sup>27</sup>– nos supostos en que non se consegue coñecer a identidade/nacionalidade do migrante ou nos casos en que o estado de potencial readmisión négase a recoñecelo como nacional<sup>28</sup>. En terceiro lugar, é innegábel que a pretendida xeneralización das expulsións choca con evidentes límites materiais, derivados

---

<sup>25</sup> A pesar da tradicional opacidade que caracteriza á política española en materia de deportacións, pode afirmar-se que as expulsións executadas sempre se manteñen en torno ao 25% das acordadas, aínda que o goberno intentou nos últimos anos transmitir a mensaxe do incremento das repatriacións (BAZZACO, E., “Sobre a actual...”, *op. cit.*; MONCLÚS MASÓ, M., *La gestión...*, *op. cit.*, pp. 398 e ss.; SILVEIRA GORSKI, H., “El asilo y el declive del Estado de derecho en la frontera sur”, *Frontera Sur...*, *op. cit.*, pp. 181-182). As cifras serían aínda inferiores se se considerase o número das persoas detidas en centros: estímase que entre 1999-2005 só o 18% dos internados foi efectivamente expulsado (WAGMAN, en *Inmigrantes, nuevos ciudadanos. ¿Hacia una España plural e intercultural?*, Madrid, 2008, p. 93).

<sup>26</sup> Vid. ÁVILA, D.; MALO, M., Madrid..., *op. cit.*, p. 545; MONCLÚS MASÓ, M., *La gestión...*, *op. cit.*, pp. 403-404.

<sup>27</sup> Vid., sobre iso, ACOSTA, M.A., “La situación en el caso de los migrantes privados de su libertad”, *Privación de libertad y derechos humanos*, Barcelona, 2008, pp. 300 e ss.; DIETRICH, H., “El Mediterráneo...”, *op. cit.*, pp. 56 e 68.

<sup>28</sup> Vid. CUTTITTA, P., “Los acuerdos...”, *op. cit.*, p. 91-92; PALIDDA, S., *Mobilità...*, *op. cit.*, p. 87; TRIANDAFYLLIDOU, A.; MAROUKIS, T., “The Case...”, *op. cit.*, pp. 67 e 73.

Precisamente para evitar problemas de identificación no contexto das expulsións, varios países, e o propio sistema comunitario Schengen –mediante o Visa Information System–, están procedendo ao almacenamento masivo de datos de millóns de migrantes e demandantes de asilo (vid. SLAMA, S., “Politique d’immigration: un laboratoire de la frénésie sécuritaire», *La frénésie sécuritaire*, (L. Mucchielli dir.), Paris, 2008, pp. 66-67).

da carencia de recursos para executar todas as deportacións acordadas, a pesar da xenerosa dotación de medios coa que conta este apartado do gasto público<sup>29</sup>.

Sendo todo iso certo, neste punto xorden aínda dúbidas, pois permanece a impresión de que hai algún outro condicionante da limitada execución das expulsións que non adoita ser considerado nas análises sobre a materia. Deste xeito, imponse unha certa hermenéutica da sospeita, se se repara na crecente contradición que se produce entre unha execución das expulsións permanentemente insatisfactoria e a súa progresiva consolidación como medida única, algo que as sucesivas reformas da normativa de estranxeiría ten ido impulsando. Por iso, non parece azaroso intuír que cando unha institución pervive -e mais aínda cando se reforza- a pesar do evidente incumprimento das súas funcións instrumentais declaradas, é necesario atender ás súas verdadeiras funcións latentes.

Desde esta perspectiva esexética pode intuírse unha razón adicional da limitación da política de expulsións, que non só dota de pleno sentido á situación realmente existente, senón que sega as bases da falacia da xeneralización das deportacións. Seguramente o motivo latente fundamental polo cal se mantén a política de expulsións en niveis relativamente moderados, e a lóxica da exclusión nun estadio imperfecto, é que a aplicación normalizada dese modelo xeraría un risco inasumíbel: o de reducir drasticamente, ou mesmo bloquear, uns fluxos migratorios -regulares e irregulares- que cumpren funcións sociais e económicas de extraordinaria transcendencia<sup>30</sup>. É posíbel hipotizar, xa que logo, que a diferenza do que sucede noutros países (caso, v. gr., de Italia), as necesidades políticas de canalización das ansiedades sociais, de recuperación de identidades comunitarias e de relexitimación da soberanía estatal, que esixirían en principio extremar o rigor do sistema de expulsións, subordínanse no suposto español a outras urxencias económicas e sociais. En todo caso, é probábel que a consecución deses fins políticos se confíe ao plano simbólico da representación espectacular da política de control de fronteiras, mentres que a súa materialidade real se orienta á garantía daquelas outras funcións socioeconómicas.

<sup>29</sup> Vid., sobre iso, CALAVITA, K., "A 'reserve...., *op. cit.*, pp. 407 y 410.

A modo de referencia, cabe sinalar que as expulsións executadas en 2007 custaron ao estado español 33 millóns €, sen contar os gastos derivados do internamento (ASOCIACIÓN PRO DERECHOS HUMANOS DE ANDALUCÍA, *Derechos humanos en la frontera sur 2006*, 2007, p. 14); no caso italiano estímase que cada expulsión costa unha media de case 4000 € (PALIDDA, S., *Mobilitàà...., op. cit.*, p. 88).

<sup>30</sup> Vid., neste sentido, NOBORDER NETWORK, "Border...., *op. cit.*, p. 10; RODRÍGUEZ, E., *El gobierno imposible*, Madrid, 2003, p. 122.

Esta conclusión non debería sorprender, se se contemplan –sequera de xeito superficial– algunhas das funcións da máxima relevancia que ten cumprido o incremento dos fluxos migratorios experimentado no Reino de España durante a primeira década deste século. Segundo datos institucionais, os migrantes son responsábeis directos dunha parte moi substancial do crecemento do PIB durante o período (51% entre 2001-2005)<sup>31</sup>. Na mesma liña, un segmento non menor do incremento da renda *per cápita* verificado nesta etapa tamén lles é atribuíbel<sup>32</sup>.

Tendo en conta as anteriores variábeis evidénciase con facilidade o carácter infundado dun dos prexuízos xenófobos que atravesan a nosa sociedade: o que etiqueta axs migrantes como beneficiarixs indebidos ou fraudulentos das axudas públicas<sup>33</sup>. En efecto, diversas circunstancias, entre as que se conta a estrutura demográfica da poboación migrante, pero tamén as consecuencias da condición de irregularidade, ou a multiplicidade de trabas interpostas na práctica para o goce das prestacións públicas, determinan que ese segmento dos habitantes do territorio español xere, en termos de orzamentos estatais, mais ingresos que gastos. Deste xeito, o fenómeno migratorio é responsábel dunha parte substancial do superávit orzamentario (48% en 2005)<sup>34</sup>.

Un segundo prexuízo xenófobo amplamente estendido non soporta tampouco a confrontación coa realidade: trátase da presunción de que a afluencia de migrantes implica necesariamente un incremento do desemprego dos autóctonos<sup>35</sup>. Esa visión grotesca das necesidades de traballo vivo dun sistema económico peca dun evidente anacronismo en relación cun modelo de acumulación flexíbel como o que se afirma no postfordismo. Nese esquema produtivo, os migrantes -tanto regulares como irregulares- aportan o compoñente de flexibilidade nece-

<sup>31</sup> Vid., sobre iso, OFICINA ECONÓMICA DEL PRESIDENTE, *Inmigración y economía española: 1996-2006*, 2006, p. 27; MALGESINI, G., en COLECTIVO IOÉ, *Inmigrantes... op. cit.*, pp. 37-38. O estudo CONDE-RUIZ, J.I.; GARCÍA, J.R.; NAVARRO, M., “Inmigración y crecimiento regional en España”, 2008, pp. 4, 25 e 28, pola súa banda, considera que o 38% do crecemento do PIB entre 2000-2006 pode ser atribuído aos migrantes.

<sup>32</sup> Sen a concorrencia dun fenómeno migratorio da magnitude do producido, estímase que a renda per capita española tería descendido un 0'6% ao ano durante o período 1995-2005 (SERVICIO DE ESTUDIOS DE CAIXA CATALUNYA, *Informe semestral I/2006. Economía española y contexto internacional*, 2006).

<sup>33</sup> Vid., sobre iso, DAUNIS RODRÍGUEZ, A., “La gestación de la xenofobia: mitos y (pre)juicios de la inmigración”, *Dos décadas de reformas penales*, (N. Sanz Mulas coord.), Granada, 2008, pp. 137-138.

<sup>34</sup> Vid. OFICINA ECONÓMICA DEL PRESIDENTE, *Inmigración... op. cit.*, pp. 31-32; MALGESINI, G., en COLECTIVO IOÉ, *Inmigrantes... op. cit.*, pp. 44-45. Vid. así mesmo CALAVITA, K., *Immigrants...*, *op. cit.*, pp. 49.

<sup>35</sup> Vid., sobre iso, DAUNIS RODRÍGUEZ, A., “La gestación...”, *op. cit.*, pp. 136-137.

sario para sentar as bases do crecemento económico e do propio incremento da demanda de traballo vivo. Esa flexibilidade derívase, ante todo, da súa inserción nas diversas zonas grises do traballo (parcialmente) negro e da economía mergullada e semi-mergullada<sup>36</sup>. Esa ubicación é a que lles permite contribuír ao descenso do desemprego, mediante a súa maior mobilidade xeográfica, a súa capacidade de reforzo de sectores con carencias de traballo vivo, a súa elevada taxa de temporalidade (61% en 2005, no caso dos regulares), as súas menores retribucións (30% de media inferiores ás dos autóctonos en 2005) ou a maior duración das súas xornadas de traballo<sup>37</sup>. Non cabe descoñecer que todo iso podería alimentar un prexuízo xenófobo engadido: o que responsabiliza aos migrantes da evidente degradación das condicións laborais acontecida durante os últimos lustros/décadas. Tampouco debe requirir excesivo esforzo argumentativo pór en cuestión esta proposición, dado o grave simplismo co que convida a entender a complexidade social. Dito do xeito mais sintético, o condicionante fundamental da mencionada degradación é a progresiva consolidación dun réxime de acumulación flexíbel, que é previo a –e presuposto de– o fenómeno en virtude do cal os fluxos migratorios teñen producido ditos efectos económicos.

Por último, en materia das relevantes funcións que cumpre o feito migratorio contemporáneo na realidade social española, non pode deixar de mencionarse a súa extraordinaria influencia demográfica, que permitiu non só producir un crecemento do número de habitantes descoñecido nas últimas décadas (do incremento de 4'6 millóns de habitantes verificado entre 2000-2007, 3'8 millóns corresponden á afluencia de migrantes), senón frear o progresivo envellecemento poboacional<sup>38</sup>. Como resulta obvio, esa aportación demográfica ten unha relevancia económica directa, aínda que só sexa porque diversos estudos teñen posto

<sup>36</sup> Estímase que o 28% dos traballadores migrantes se atopaba en 2007 integrado na economía mergullada, cifra que seguramente se incrementou desde entón, como efecto da etapa de contracción económica (*vid.* COLECTIVO IOÉ, *Inmigrantes...*, *op. cit.*, p. 50).

<sup>37</sup> Sobre todo iso, cfr. OFICINA ECONÓMICA DEL PRESIDENTE, *Inmigración...*, *op. cit.*, pp. 14 e ss., 28-29; COLECTIVO IOÉ, *Inmigrantes...*, *op. cit.*, pp. 51-52, 57; CALAVITA, K., *Immigrants...*, *op. cit.*, pp. 4, 11 e 64.

<sup>38</sup> *Vid.* GONZÁLEZ, C.I.; CONDE-RUIZ, J.I.; BOLDRIN, M., "Immigration...", *op. cit.*, p. 3; OFICINA ECONÓMICA DEL PRESIDENTE, *Inmigración...*, *op. cit.*, p. 18; CALAVITA, K., *Immigrants...*, *op. cit.*, pp. 48-49; SASSEN, S., *Guests... op., cit.*, pp. 148-149.

de relevo que o actual sistema de pensións só vai poder subsistir financeiramente na medida en que se manteñan elevados niveis de fluxos migratorios<sup>39</sup>.

#### 4. Conclusións

Todo o apuntado permite fundamentar algunhas afirmacións conclusivas. A primeira é que non cabe senón deducir do argumentado que a teleloxía básica á que obxectivamente se endereza a actual política migratoria, incluída a súa vertente sancionadora, non é a de poñer fin aos fluxos migratorios irregulares, a mera exclusión dos *aliens* ou inimigos, senón a xestión desa mobilidade humana, preordenada a garantir, xunto a fins políticos, un réxime fáctico de entrada e permanencia que sexa aproveitábel en termos produtivos. Non se trata, xa que logo, do bloqueo da mobilidade, senón do seu manexo<sup>40</sup>. Unha lóxica de xestión, en consecuencia, que está orientada a facilitar o emprego masivo de traballo vivo migrante en condicións de suma flexibilidade e explotación, de acordo coas necesidades dun sistema produtivo cada vez máis postfordista<sup>41</sup>.

En consecuencia, non pode concluírse que a racionalidade que anima o réxime de control e castigo dos migrantes responda á lóxica excluínte do inimigo, senón a unha orientación que se cadra podería adxetivarse de neo-disciplinaria, sempre que se entenda que non se trata dunha proposta correctora ou rehabilitadora do migrante individual, senón unha racionalidade biopolítica que se proxec-

<sup>39</sup> Un estudo recente da Comisión Europea considera que para manter o actual nivel de gasto (polo tanto, de sustentabilidade) do sistema de pensións, ata 2030 sería necesaria a entrada en territorio español de 7 millóns de migrantes mais (vid. o diario Público de 24/I/2010). O estudo GONZÁLEZ, C.I.; CONDE-RUIZ, J.I.; BOLDRIN, M., “Immigration..., *op. cit.*, p. 8, considera que para manter ese nivel de gasto, en 2020 debería haber aproximadamente 10’6 millóns de migrantes no Reino de España. O estudo JIMÉNEZ-RIDRUEJO AYUSO, Z. ET AL., “El efecto de la inmigración en la sostenibilidad a largo plazo del sistema de pensiones en España”, *Hacienda Pública Española/Revista de Economía Pública*, 188/1, 2009, p. 117, considera que se se frease o actual proceso migratorio, a sustentabilidade do sistema de pensións quedaría en entredito xa en 2015.

<sup>40</sup> Cfr., neste sentido, CUTTITTA, P., “The Case of the Italian Southern Sea Borders: ¿Cooperation across the Mediterranean?”, *Documentos CIDOB*, 17, 2008, pp. 59-60; BALIBAR, E., *Nous...*, *op. cit.*, p. 108.

<sup>41</sup> Vid. CALAVITA, K., “A ‘reserve...’, *op. cit.*, pp. 400 e ss.; *Immigrants...*, *op. cit.*, p. 11; PALIDDA, S., “Introduzione..., *op. cit.*, p. 9 e ss. Vid. así mesmo DIETRICH, H., “El Mediterráneo..., *op. cit.*, p. 51; FERNÁNDEZ BESSA, C., “El Estado..., *op. cit.*, p. 156; DAL LAGO, A., *Non-persone...*, *op. cit.*, pp. 48, 235, 255, y 267 e ss.; MEZZADRA, S., “Confines..., *op. cit.*, p. 92; PALIDDA, S., *Mobilità...*, *op. cit.*, p. 87; RODRÍGUEZ, E., *El gobierno...*, *op. cit.*, pp. 76-77; ROMERO, E., “El Plan..., *op. cit.*, pp. 166-167; SASSEN, S., *Una sociología...*, *op. cit.*, pp. 141 e 185; YOUNG, J., *The Vertigo of Late Modernity*, London, 2007, pp. 30-31, e 100.

ta sobre o conxunto do grupo social<sup>42</sup>. Neste sentido, a expulsión excluínte opera como unha ameaza potencial permanentemente actualizábel, apta para garantir a inserción laboral en condicións de hiperflexibilidade<sup>43</sup>, de xeito que se reserva para os migrantes a máxima expresión do réxime de *workfare*, na medida en que se van afirmando no mercado de traballo estratificacións que operan en clave *étnica*<sup>44</sup>. En consecuencia, a expulsión non opera como un instrumento de (mera) exclusión, senón de inclusión diferencial e subordinada<sup>45</sup>.

Finalmente, todo iso facilita a resposta a un interrogante suxerido con anterioridade: no actual réxime de goberno da vida dos migrantes se plasma menos a exéxese -tendencialmente estática, transcendente e represiva- do poder de AGAMBEN que a racionalidade imanente, positiva, produtiva, aberta á interacción social, do biopoder foucaultiano<sup>46</sup>.

<sup>42</sup> Esta proposta oriéntase na liña desenvolvida por FOUCAULT en FOUCAULT, M., *Historia de la sexualidad. I. La voluntad de saber*, 20ª ed., Madrid, 1992, pp. 163 e ss.

<sup>43</sup> Vid. CALAVITA, K., "A 'reserve...., *op. cit.*, pp. 407-408; CUTTITTA, P., *Segnali...., op. cit.*, p. 147.

<sup>44</sup> Vid. CALAVITA, K., "A 'reserve...., *op. cit.*, p. 400; *Immigrants...., op. cit.*, pp. 123, e 159 e ss.; COLECTIVO IOÉ, *Inmigrantes...., op. cit.*, pp. 56-57; CORRADO, A., "Tra autovalorizzazione e sfruttamento. Migrazioni e processi di informalizzazione in Mali", *I confini della libertà*, (S. Mezzadra ed.), Roma, 2004, pp. 149, 152-153, e 155; DAL LAGO, A., *Non-persone...., op. cit.*, pp. 130, 267 y ss.; PRESTON, P.; PEREZ, M., "The criminalization of aliens: regulating foreigners", *Critical Criminology*, 14, 2006, p. 47; RODRÍGUEZ, E., *El gobierno...., op. cit.*, pp. 77, 118, 122; SASSEN, S., *Una sociología...., op. cit.*, pp. 141-142; TORET, J.; SGUIGLIA, N., "Cartografiando el exceso. Frontera y trabajo en los caminos del movimiento", *Fadaiat...., op. cit.*, p. 108.

<sup>45</sup> Cfr., neste sentido, MEZZADRA, S.; NEILSON, B., "Border...., *op. cit.*; CORRADO, A., "Tra autovalorizzazione...., *op. cit.*, p. 155.

<sup>46</sup> Nun sentido semellante se expresan HARDT, M.; NEGRI, A., *Commonwealth...., op. cit.*, pp. 57-58, e 77; MEZZADRA, S.; NEILSON, B., "Border...., *op. cit.*

## 5. Bibliografía citada

- AA.VV., *Madrid ¿La suma de todos?. Globalización, territorio, desigualdad*, Madrid, 2007.
- ACOSTA, M.A., “La situación en el caso de los migrantes privados de su libertad”, *Privación de libertad y derechos humanos*, coord. OSPDH, Barcelona, 2008.
- AGAMBEN, G., *Homo Sacer*, Valencia, 1998.
- ANDRIJASEVIC, R., “How to Balance Rights and Responsibilities on Asylum at the EU’s Southern Border of Italy and Libya”, 2006 ([www.statewatch.org/news/2006/may/andrijasevic-Libya-Lampedusa.pdf](http://www.statewatch.org/news/2006/may/andrijasevic-Libya-Lampedusa.pdf)).
- ANITUA, G.I., “La inmigración y los discursos de la seguridad”, *Flujos migratorios y su (des)control. Puntos de vista pluridisciplinarios*, (R. Bergalli, coord.), Barcelona, 2006.
- ASOCIACIÓN PRO DERECHOS HUMANOS DE ANDALUCÍA, *Derechos humanos en la frontera sur 2006*, 2007 (<http://www.apdha.org/media/fronterasur2006.pdf>).
- BALIBAR, E., *Nous, citoyens d’Europe?*, Paris, 2001.
- BAUMAN, Z., *Liquid Times*, Cambridge, 2007.
- BAZZACO, E., “Sobre a actual política migratoria europea”, 2008 ([http://proxectoderriba.org/index.php?view=article&catid=35%3AArtigos&id=114%3ASobre+a+actual+Pol%C3%ADtica+Migratoria+Europea&option=com\\_content&Itemid=59](http://proxectoderriba.org/index.php?view=article&catid=35%3AArtigos&id=114%3ASobre+a+actual+Pol%C3%ADtica+Migratoria+Europea&option=com_content&Itemid=59)).
- BONDITTI, P., «Biométrie et maîtrise des flux: vers une geotechnopolis du vivant-en-mobilité?», *Cultures & Conflits*, 58, 2005.
- CALAVITA, K., “A ‘reserve army of delinquents’. The criminalization and economic punishment of immigrants in Spain”, *Punishment & Society*, 5/4, 2003.
- CALAVITA, K., *Immigrants at the Margins*, Cambridge, 2005.

- CANCIO MELIÁ, M., “La expulsión de ciudadanos extranjeros sin residencia legal (art. 89 CP)”, en *Homenaje al Profesor Dr. Gonzalo Rodríguez Mourullo*, Pamplona, 2005.
- COLECTIVO IOÉ, *Inmigrantes, nuevos ciudadanos. ¿Hacia una España plural e intercultural?*, Madrid, 2008.
- CONDE-RUIZ, J.I./GARCÍA, J.R./NAVARRO, M., “Inmigración y crecimiento regional en España”, Fedea-Banco Popular, 2008 ([http://www.fedea.es/pub/est\\_economicos/2008/09-08.pdf](http://www.fedea.es/pub/est_economicos/2008/09-08.pdf)).
- CORRADO, A., “Tra autovalorizzazione e sfruttamento. Migrazioni e processi di informalizzazione in Mali”, en *I confini della libertà*, (S. Mezzadra, ed.), Roma, 2004.
- CUTTITTA, P., *Segnali di confine*, Milano, 2007.
- CUTTITTA, P., “The Case of the Italian Southern Sea Borders: ¿Cooperation across the Mediterranean?”, *Documentos CIDOB*, 17, 2008.
- CUTTITTA, P., “Los acuerdos de ‘cooperación’ y el nuevo régimen fronterizo euroafricano”, en *Frontera Sur. Nuevas políticas de gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008.
- DAUNIS RODRÍGUEZ, A., “La gestación de la xenofobia: mitos y (pre)juicios de la inmigración”, *Dos décadas de reformas penales*, (N. Sanz Mulas, coord.), Granada, 2008.
- DIETRICH, H., “El Mediterráneo como nuevo espacio de disuasión”, en *Frontera Sur. Nuevas políticas de gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008.
- FERNÁNDEZ BESSA, C., “Introducción. Los límites del control”, en *Frontera Sur. Nuevas políticas de gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008.
- FERNÁNDEZ BESSA, C., “El Estado español como punta de lanza del control y exclusión de la migración en Europa”, en *Frontera Sur. Nuevas políticas de*



*gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008.

- FOUCAULT, M., *Historia de la sexualidad. I. La voluntad de saber*, 20ª ed., Madrid, 1992.
- GIL ARAÚJO, S., “Muros alrededor de ‘el Muro’. Prácticas y discursos en torno a la inmigración en el proceso de construcción de la política migratoria comunitaria”, en *Delitos y fronteras*, (M.T. Martín Palomo; M.J. Miranda López; C. Vega Solís, eds.) Madrid, 2005.
- DE GIORGI, A., *Zero Tolleranza*, Roma, 2000.
- GOODEY, J., “Migration, crime and victimhood. Responses to sex trafficking in the EU”, *Punishment & Society*, 5/4, 2003.
- HARDT, M.; NEGRI, A., *Commonwealth*, Cambridge, 2009.
- JIMÉNEZ-RIDRUEJO AYUSO, Z. ET AL., “El efecto de la inmigración en la sostenibilidad a largo plazo del sistema de pensiones en España”, *Hacienda Pública Española/Revista de Economía Pública*, 188/1, 2009.
- DAL LAGO, A., *Non-persone. L’esclusione dei migranti in una società globale*, Milano, 2004.
- MELOSSI, D., “‘In a peaceful life’. Migration and the crime of modernity in Europe/Italy”, *Punishment & Society*, 5/4, 2003.
- MEZZADRA, S., *Derecho de fuga. Migraciones, ciudadanía y globalización*, Madrid, 2005.
- MEZZADRA, S., “Confines, migraciones y ciudadanía”, en *Fadaiat. Libertad de movimiento+Libertad de conocimiento*, Málaga, 2006.
- MEZZADRA, S./NEILSON, B., “Border as Method, or, the Multiplication of Labor”, *Transversal*, 06/2008 (<<http://eipcp.net/transversal/0608/mezzadra-neilson/en>>).

- MONCLÚS MASÓ, M., *La gestión penal de la inmigración*, Buenos Aires, 2008.
- NAVARRO CARDOSO, F., “Expulsión ‘penal’ de extranjeros: una simbiosis de Derecho penal ‘simbólico’ y Derecho penal del ‘enemigo’”, *Revista de Derecho Penal y Criminología*, 17, 2006.
- NOBORDER NETWORK, “Border Regimes & the autonomy of migration”, *Greenpepper Magazine*, 2, 2004.
- OFICINA ECONÓMICA DEL PRESIDENTE, *Inmigración y economía española: 1996-2006*, 2006 (<<http://www.la-moncloa.es/NR/rdonlyres/62B6B50E-AE7B-455-A-85A5-600EF4EA9281/80515/InmigracionYEconomiaEspañola12Nov.pdf>>).
- PALIDDA, S., *Mobilità umane*, Milano, 2008.
- PALIDDA, S., “Introduzione”, en *Razzismo democratico. La persecuzione degli stranieri in Europa*, (S. Palidda, ed.), Milano, 2009.
- PÉREZ CEPEDA, A.I., “El Código Penal de la seguridad: una involución en la Política criminal de signo reaccionario”, *La tensión entre libertad y seguridad. Una aproximación sociojurídica*, (M.J. Bernuz Benítez; A.I. Pérez Cepeda, eds.), Logroño, 2006.
- PORTILLA CONTRERAS, G., *El Derecho Penal entre el cosmopolitismo universalista y el relativismo posmodernista*, Valencia, 2007.
- PRESTON, P.; PEREZ, M., “The criminalization of aliens: regulating foreigners”, *Critical Criminology*, 14, 2006.
- PRETEL, O., “Las fronteras intrametropolitanas”, en *Fronteras interiores y exteriores*, Madrid, 2006.
- PULLENS, R., “Gestión de las migraciones: exportando el modelo de la IOM en el nombre de la seguridad de la UE”, en *Fadaiat. Libertad de movimiento+Libertad de conocimiento*, Málaga, 2006.
- RAHOLA, F., *Zone definitivamente temporanee*, Verona, 2003.

- RESTA, F., “Enemigos y criminales. Las lógicas del control”, en *Derecho penal del enemigo*, vol. 2, (M. Cancio Meliá; C. Gómez-Jara Díez, eds.), Madrid/Montevideo, 2006.
- RIGO, E., *Europa di confine*, Roma, 2007.
- RODRÍGUEZ, E., *El gobierno imposible*, Madrid, 2003.
- ROMERO, E., “El Plan África, la política migratoria española de “nueva generación” y la guerra contra los pobres”, en *Frontera Sur. Nuevas políticas de gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008.
- SAINT-SAËNS, I., «Des camps en Europe aux camps de l’Europe», *Multitudes*, 19, 2004.
- SASSEN, S., *Guests and Aliens*, New York, 1999.
- SASSEN, S., *Una sociología de la globalización*, Buenos Aires, 2007.
- SAYAD, A., *La double absence*, Paris, 1999.
- SEIFER, K., “El blindaje de la UE frente a refugiados y demandantes de asilo”, en *Frontera Sur. Nuevas políticas de gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008.
- SERVICIO DE ESTUDIOS DE CAIXA CATALUNYA, *Informe semestral I/2006. Economía española y contexto internacional*, 2006 ([www.caixacat.es/caixacat/es/ccpublic/particulars/publica/pdf/iee0706e0.pdf](http://www.caixacat.es/caixacat/es/ccpublic/particulars/publica/pdf/iee0706e0.pdf)).
- SILVEIRA GORSKI, H., “La vida en común en sociedades multiculturales. Aportaciones para un debate”, en *Identidades comunitarias y Democracia*, (H. Silveira Gorski, ed.), Madrid, 2000.
- SILVEIRA GORSKI, H., “El asilo y el declive del Estado de derecho en la frontera sur”, en *Frontera Sur. Nuevas políticas de gestión y externalización del control de la inmigración en Europa*, Barcelona, 2008.

- SLAMA, S., “Politique d’immigration: un laboratoire de la frénésie sécuritaire», en *La frénésie sécuritaire*, (L. Mucchielli, dir.), Paris, 2008.
- SOSSI, F., «Une tragédie en trois actes», *Vacarme*, 39, 2007.
- TORET, J./SGUIGLIA, N., “Cartografiando el exceso. Frontera y trabajo en los caminos del movimiento”, en *Fadaiat. Libertad de movimiento+Libertad de conocimiento*, Málaga, 2006.
- TRIANDAFYLLIDOU, A.; MAROUKIS, T., “The Case of the Greek Islands: The Challenge of Migration at the EU’s Southeastern Sea Borders”, *Documentos CIDOB*, 17, 2008.
- TSOUKALA, A., “Le traitement médiatique de la criminalité étrangère en Europe”, *Déviance et Société*, 1, 2002.
- VALLUY, J., “La metamorfosi dell’asilo in Europa. Dalle origini del “falso rifugiato” al suo internamento”, en *Razzismo democratico. La persecuzione degli stranieri in Europa*, (S. Palidda, ed.), Milano, 2009.
- YOUNG, J., *The Vertigo of Late Modernity*, London, 2007.